



BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TITULADAS EN CICLO SUPERIOR DE ANIMACION SOCIOCULTURAL E TURISTICA A TRAVÉS DO PROGRAMA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” FINANCIADO POLA DEPUTACION DE PONTEVEDRA

1.- OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a contratación laboral en prácticas e a xornada completa de tituladas e titulados de formación profesional sen experiencia laboral previa que participarán no programa “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS, no marco das BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 92 de 15 de maio de 2019) mediante a celebración de contratos de traballo en prácticas co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitar a súa inserción no mercado laboral.

Serán contratadas 2 persoas, tituladas no ciclo superior de Animación Sociocultural e Turística

A modalidade contractual que se empregará será a de contrato de traballo en prácticas por un período de 6 meses prorrogables outros seis conforme ás bases do programa “O teu primeiro emprego”.

O salario bruto será 1050,00 euros/mes (pagas extraordinarias prorrateadas incluídas).

2.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES

Os contratos en prácticas poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que estean en posesión de título universitario ou de formación profesional de grado ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional
- b) Que non transcorresen mais de cinco anos, ou de sete cando o contrato se celebre cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos estudos.
- c) Que non estivesen contratadas ou contratados en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a un ano (o que deberá comprobar a entidade colaboradora a través da vida laboral das persoas candidatas, os grupos de cotización asignados son o 1 ou 2 para universitarios e o 3 para os ciclos superiores).

Os candidatos deberán cumprir os seguintes requisitos:

□ Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutros Estados nos termos previstos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (artigo 57), e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, reguladora dos Dereitos e Liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social que

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



establece no seu artigo 10.2 que, as persoas estranxeiras poderán acceder como persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas de acordo aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

- Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ser maior de 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar inscrito como demandante de emprego conforme á base 3, salvo que non se atopen persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria en cuxo caso se poderá acudir a unha convocatoria pública mediante anuncio sen que sexa necesaria neste caso a inscrición das persoas a contratar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Estar en posesión da titulación esixida.
- Cumprir os requisitos para formalizar un contrato en prácticas

3.- CONVOCATORIA

O concello de Vila de Cruces, como entidade colaboradora, será o encargado de levar a cabo a selección mediante a presentación da correspondente oferta na oficina do Servizo Público de Emprego.

A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas.

O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial. Presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego levará a cabo unha preselección das persoas candidatas segundo a titulación dos postos de traballo que se van desempeñar e a razón dun máximo de 5 por posto, que remitirá ao concello para proceder á selección das persoas beneficiarias destas contratacións en prácticas.

Se, ao tramitar a oferta, non se atopan persoas candidatas que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, a entidade colaboradora poderá acudir a unha convocatoria pública mediante anuncio, sen que sexa necesaria neste caso a inscrición das persoas a contratar como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Estes anuncios faranse nun dos xornais de maior tiraxe da provincia.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Os candidatos poderán presentar a seguinte documentación no Rexistro do Concello:

Concello de Vila de Cruces



Xunto coa instancia (anexo I) deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Copia do D.N.I ou N.I.E.
2. Copia do título de Animador Sociocultural e Turístico
3. Copia do expediente académico
4. Vida laboral
5. Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de ter capacidade funcional. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Tamén unha declaración de posuír capacidade funcional para o desenvolvemento do posto (Anexo II).
6. No caso de que sexa procedente, poderán presentar ademais:
 - Doutoramento relacionado co contido da bolsa
 - Título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa.
 - Titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas.
 - Diplomas de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar

O **prazo** para a presentación da documentación será:

- No caso de persoas convocadas a través do Servizo Público de Emprego: 5 días hábiles dende a recepción das bases da convocatoria.
- No caso de persoas convocadas a través de anuncio nun xornal: 5 días hábiles dende a publicación do anuncio.

5.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Expirado o prazo de presentación de instancias, resolverase sobre a aprobación da lista de admitidos/as e excluídos/as. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Vila de Cruces, concedendo un prazo de subsanación de 1 día hábil contado a partir da data de publicación no taboleiro de anuncios. Transcorrido dito prazo, resolverase definitivamente sobre a lista de admitidos/as e excluídos/as e sobre as alegacións que se presentaran. A resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

Non obstante, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva mencionada no parágrafo anterior, se advirte nas solicitudes e documentación aportada polos/as aspirantes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e resolverase dita exclusión.

Concello de Vila de Cruces



6.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. D. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. D. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos

Ciclos Formativos:

De 5 a 5,99: 0,5 puntos

De 6 a 6,99: 1 punto

De 7 a 7,99: 2 puntos

De 8 a 8,99: 3 puntos

De 9 a 10: 4 puntos

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Concello de Vila de Cruces



Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster:
http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestiontitulos/estudios-universitarios/titulos_esp/202058.html)

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e hora que sinale o concello. As puntuacións outorgadas publicaranse na páxina web do concello ou no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade.

En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

No taboleiro de anuncios do concello publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

Concello de Vila de Cruces



Todos os membros do tribunal deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para acceder ao posto de traballo convocado. Todos os membros do tribunal terán voz e voto excluído o secretario que terá voz pero non voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do tribunal será determinada por Decreto da Alcaldía e publicado no taboleiro de anuncios do Concello. O tribunal estará composto por cinco membros.

O Tribunal poderá constituírse e actuar validamente cando se encontren presentes ao menos tres dos seus membros, precisándose en todo caso, a asistencia do Presidente e Secretario.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes e no seu caso o empate resolverase co voto de calidade do Presidente.

As deliberacións do Tribunal non serán públicas e terán o carácter de secretas.

Os membros do Tribunal nos que conorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, deberán absterse de intervir notificándoo ao Presidente. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando conorra algunha das causas do artigo 24 da citada Lei.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunha das probas, con voz pero sen voto, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os integrantes do tribunal, ademais de actuar con suxeición ás presentes bases, quedan facultados tamén para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O ditaminado polo tribunal de selección someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

8.- PUBLICACION DAS PUNTUACIONES

Publicadas as puntuacións definitivas as persoas seleccionadas deberán presentar, no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación final da lista de puntuacións e sen maior necesidade de requirimento, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia da tarxeta sanitaria
- b) Certificado de conta bancaria
- c) Certificado médico ou documento oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo para a praza á que opta.



Quen dentro do prazo indicado, e salvo causa de forza maior, non presentara a documentación esixida ou da mesma resulta que non reúne as condicións esixidas, non poderá ser contratado e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberse podido incorrer por falsidade na súa instancia.

9.- CONTRATACION

A contratación das persoas propostas polo Tribunal correspóndelle ó Alcalde. Os contratos serán formalizados no correspondente documento administrativo.

As persoas seleccionadas, de conformidade cos procedementos establecidos na base anterior, serán beneficiarias dunha contratación en prácticas a tempo completo, de acordo coa normativa vixente e tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse dentro do exercicio 2019.

10.- BOLSA DE EMPREGO

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o Concello necesite algún/ha traballador/a destas características, acudirá a dita bolsa seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria. A duración desta bolsa será polo tempo de vixencia das contratacións levadas a cabo a través das presentes bases.

11.- PROTECCION DE DATOS

Segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados neste Concello coa única finalidade de ter en conta a súa candidatura para o posto ofertado.

12.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vincularán á administración municipal, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

13.- INCIDENCIAS

O tribunal cualificador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14.- RECURSOS

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación ou notificación ante o alcalde do Concello de Vila de Cruces, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do

Concello de Vila de Cruces



1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

15.- DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal cualificador poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas, e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado. O alcalde
Luís Celso Taboada Sánchez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE